



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MA

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE SALIDA	OFICINA SERVICIOS CENTRALES
22/11/2011	13:28:48

S061201100007222

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA
DO MIÑO-SIL

RESIDENCIA

S/REF.
N/REF. Resposta Alegación Plan
DATA 09 de novembro de 2011
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

Coordinador
Federación Ecoloxista Galega

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolólica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

OBSERVACIÓN N° 01

Síntese da Observación

Baseándose en criterios e indicadores contidos na Directiva Marco de Auga, o Plan Hidrolóxico debe incluír: Un Plan de Restauración dos ecosistemas fluviais e masas de auga superficiais, un Plan de Mellora Integral dos ecosistemas fluviais orientado á prevención da contaminación difusa proveniente das actividades agrogandeiras, un Plan de Restauración de Humedais e de restauración hidrolóxico-forestal, un Plan de Saneamento dos cursos fluviais e masas de auga superficiais.

CORREO ELECTRÓNICO:
presidencia@chminosil.es

CURROS ENRÍQUEZ, 4-2º
32003 OURENSE
TEL.: 988 399 403



Nesta observación indícase que a rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos deberá ampliarse significativamente e deberá ser unha prioridade deste Plan Hidrolóxico a realización do deslinde do Dominio Público Hidráulico

Resposta Motivada

No anexo VII, inventario de presións, do Plan Hidrolóxico do Miño Sil inclúense numerosos mapas nos que se definen e localizan as presións identificadas na demarcación. As fontes de contaminación difusa detectadas nesta demarcación foron, principalmente, as actividades agrícolas tanto de secano como regadío e os diferentes tipos de gandaría. Neste anexo representáronse diferentes mapas de contaminación difusa proveniente das actividades agrogandeiras. Representáronse por separado mapas coas fontes de contaminación difusa por actividade agrícola de secano, de regadío, cabezas de gandaría bovina, porcina, ovina e equina; representáronse tamén mapas coa información das cargas por hectárea de nitróxeno e fósforo, contaminación difusa por zonas urbanas, recreativas, mineiras, etc. No capítulo II, de descripción da demarcación, represéntanse diferentes mapas de masas de auga, detalláronse o estado destas e no anexo VIII describense os obxectivos medioambientais que deben cumplir todas as masas de auga. No anexo X, programa de medidas, describense todas as actuacións que se están a realizar ou están programa-das para mellorar o estado das masas de auga na demarcación, recóllese un presuposto de máis de 300 millóns de euros en medidas de restauración de masas e outro presuposto de, tamén máis de 300 millóns de euros en medidas de saneamento e depuración. Neste anexo do programa de medidas represéntanse mapas coa distribución xeográfica das medidas segundo a súa tipoloxía.

Por todo o exposto considerase que existe gran cantidade de mapas e información contida neste plan referentes ás consideracións que se fan nesta observación. En canto aos plans de saneamento, non é obxecto do Plan Hidrolóxico nin competencia da Confederación Hidrográfica a realización destes, senón que son competencia autonómica, por iso no programa de medidas do Plan téñense en conta as actuacións definidas polos plans autonómicos e trabállose de forma conxunta coas diferentes administracións autonómicas na definición e priorización de medidas, segundo os diversos estudos realizados de definición do estado das masas de auga.

En relación á consideración que se realiza nesta observación da necesidade de ampliación da rede de vixilancia e control do estado ecolóxico de ríos, no capítulo VI da memoria deste Plan Hidrolóxico detállanse os programas de control, redes de vixilancia e estado das masas de auga. Tras a lectura deste anexo pódese comprobar o grande esforzo realizado por esta confederación hidrográfica en materia de control do estado



ecolóxico; no anexo X (programa de medidas) reflíctese como dentro das medidas que se consideraron como administrativas hai unha subtipoloxía de medidas que corresponden a de redes de control. No programa de medidas recóllese actuacións por valor de máis de 8 millóns de euros referentes a redes de control. A pesar dos esforzos realizados e do investimento aprobado e programado en materia de redes de control, intentarase na medida do posible e segundo a dispoñibilidade presupostaria, a continuación dos traballos nesta materia e a ampliación das redes e programas de control ecolóxico co fin de controlar e mellorar o estado das masas de auga nesta demarcación, obxectivo prioritario deste Plan Hidrolóxico e desta Confederación Hidrográfica. Con respecto ao deslinde do DPH, estanse a realizar traballos nesta materia na demarcación do Miño-Sil a través do proxecto LINDE. Debido aos miles de quilómetros de rede hidrográfica definíronse algunas zonas como prioritarias e estase traballando nelas primordialmente, pero continuarase coa realización destes traballos segundo a dispoñibilidade presupostaria.

OBSERVACIÓN N° 02

Síntese da Observación

O Plan Hidrolóxico debería declarar aos ríos galegos como zonas libres de novos aproveitamentos hidroeléctricos, debería incorporar no seu apartado normativo a paralización da concesión de novos aproveitamentos hidroeléctricos, xa que son responsables das principais afeccións dos ríos, segundo se recolle no Preámbulo da Lei 5/2006. Nesta observación indícase que se debe iniciar os expedientes de caducidade, revisión dos dereitos concesionais e deberíanse, tamén, impedir as repotenciacións ou aproveitamentos doutros caudais.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica do Miño Sil é consciente da gran cantidade de aproveitamentos hidroeléctricos existentes, é por iso que as condicións que se impoñen na normativa do Plan son más rigorosas ambientalmente. Esta confederación esta actualmente traballando intensamente na revisión de expedientes de caducidade, revisión dos dereitos concesionais e no estudio das cláusulas. En todo caso esta Confederación é partidaria de estudar e valorar as novas concesións, xa que o avance das novas tecnoloxías pode levar a unha maior eficiencia enerxética. Os criterios de avaliación para o estudio de novas concesións son, ambientalmente, moito más estritos e formúlanse cláusulas concesionais moito más rigorosas. Por iso esta Confederación non é partidaria de prohibir de forma xeneralizada todas as concesións, senón de esixir as condicións necesarias para a consecución do bo estado e protección do Dominio Público



Hidráulico, analizando cada caso coa maior obxectividade e deixando aberta a porta a novas tecnoloxías que poidan producir menores afeccións ao medio.

OBSERVACIÓN N° 03

Síntese da Observación

Propónse unha dotación para abastecemento urbano de 150 l/hab.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil considera esta proposta de dotación para abastecemento urbano un valor desexable nun futuro, pero actualmente non o considera axeitado pola limitacións que supón. Non obstante, estase a valorar a modificación do artigo 37 da normativa do Plan Hidrolóxico para establecer un valor único da dotación para abastecemento urbano que non dependa de rangos de poboación.

OBSERVACIÓN N° 04

Síntese da Observación

Non se está de acordo coa orde de prioridades de uso proposto polo plan e proponse a seguinte:

- Abastecemento á población
- Usos ambientais.
- Usos agrarios e agrogandeiros.
- Usos industriais excepto para a produción de enerxía eléctrica.
- Usos recreativos e culturais.
- Usos acuícolas.
- Navegación e transporte acuático.
- Usos relacionados coa produción de enerxía eléctrica.
- Outros aproveitamentos.

Resposta Motivada

En canto ás prioridades de uso, o artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Augas establece unha orde de preferencia de usos, a falta de que o Plan Hidrolóxico de Bacía non tivese establecido o seu propio, non obstante, no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil estableceuse unha prioridade distinta atendendo á realidade e



características desta Demarcación, respectando, en todo caso, tal e como se expresa no artigo 60 doTRLA, a supremacía do uso para abastecemento de poboación. Despois do abastecemento é prioritario os usos ambientais nesta demarcación, por iso considérase que esta priorización de usos é acorde coas directrices da DMA e as esixencias de protección e conservación do recurso e do ecosistema.

OBSERVACIÓN N° 05

Síntese da Observación

Propónse a eliminación de "...salvo xustificación motivada..." no artigo 51.1 e formulase que no artigo 51.2 non se permitan vertedoiros de materiais procedentes da actividade sen ningunha excepción.

Resposta Motivada

No artigo 51 da Normativa do Plan especificase que calquera actividade de minería extractiva a ceo aberto se desenvolverá fóra do dominio público hidráulico e da zona de policia de augas, salvo xustificación motivada. Non se considera axeitado eliminar está excepción xa que, poderanse admitir excepcionalidades temporais sempre e cando sexan causas de forza maior ou causas de interese xeral cuxos beneficios ao medioambiente e á sociedade sexan maiores fronte aos prexuízos que levan consigo.

OBSERVACIÓN N° 06

Síntese da Observación

O plan hidrolóxico debería proponer medidas de modernización de regadíos, xestión do consumo e similares.

Resposta Motivada

O programa de Medidas do Plan Hidrolóxico do Miño Sil recolle medidas de modernización de regadíos por máis de 100 millóns de euros, en concreto para o sistema de explotación do Limia, existen actuacións aprobadas e programadas de modernización de regadíos por valor de máis de 50 millóns de euros.

OBSERVACIÓN N° 07

Síntese da Observación

Os caudais ecológicos deberán incluir caudais mínimos, caudais máximos e taxas de cambio, as concesións existentes deberán adaptarse aos novos caudais ecológicos. A administración vixiará o cumprimento dos caudais ecológicos establecidos.



Resposta Motivada

No capítulo III da normativa detállanse todos os aspectos relacionados cos caudais ecolóxicos: caudais mínimos, máximos e taxas de cambio. No Artigo 23 defínese o Control e seguimento do réxime de caudais ecolóxicos. Por iso, considérase que todo o exposto nesta observación xa se encontra incluído na normativa do plan hidrolóxico.

OBSERVACIÓN N° 08

Síntese da Observación

Considérase que as 7 masas de auga consideradas como Reservas Naturais Fluviais son insuficientes. Débese incluír polo menos, o humedal de Ribadetea en Ponteareas, dentro de LIC-ZEPVN río Tea, incluído no Inventario de Humedais de Galicia (Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humedais protexidos e crease o Inventario de humedais de Galicia).

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica define as reservas naturais fluviais coa finalidade de preservar, sen alteracións, aqueles tramos de ríos con escasa ou nula intervención humana.

O Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Planificación Hidrolólica, define as condicións para a declaración de Reservas Naturais Fluviais, que son as seguintes:

- ♦ O estado ecológico das devanditas reservas será moi bo, polo que poderán considerarse como sitios de referencia.
- ♦ Estas reservas corresponderán a masas de auga da categoría río con escasa ou nula intervención humana. Para identificar as devanditas masas de auga terase en conta a naturalidade da súa bacía, a existencia de actividades humanas que poidan influir nas súas características fisicoquímicas e hidrológicas, o estado ecológico, a incidencia da regulación do fluxo de auga e a presenza de alteracións morfológicas.

É por iso, que o humedal de Ribadetea encontrase dentro dunha Zona protexida, non obstante, non se pode definir como Reserva Natural Fluvial xa que por si só, non é unha masa de auga das definidas no Plan senón que pertence a unha delas.



OBSERVACIÓN N° 09

Síntese da Observación

O plan hidrolóxico debe considerar plans de xestión (conservación / restauración), en colaboración coa administración galega, das seguintes especies ameazadas: auganeira (*Galemys pyrenaicus*); escribenta dás canaveiras (*Emberiza schoeniclus Subs. lusitanica*); sa-lamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*); estroza (*Hylaarborea*); sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*); ra patilonga (*Ra iberica*); ra vermella (*Ra temporaria subsp. parvipalmata*); esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*); mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*) e caranguexo de río autóctono (*Austropotamobiuspallipes*)

Resposta Motivada

O programa de medidas do Plan Hidrolóxico do Miño Sil recolle diversas medidas de plans de conservación de especies. Para algunas especies estanse a realizar plans de recuperación e conservación, para outras formúlanse estudos de situación e noutros casos a elaboración das bases dos plans. A continuación mostráñase as medidas incorporadas no programa de medidas, por un presuposto de 148.443.97 euros:

- A.T. elaboración das bases do plan de conservación da *Ra ibérica* en Galicia
- A.T. elaboración das bases do plan de conservación da *Hylaarborea* en Galicia
- ~ - A.T. elaboración das bases do plan de conservación da *Ra temporaria Parvipalmata* en Galicia
- ~ - A.T. elaboración das bases do plan de conservación da *Chioglossa lusitanica* en Galicia
- ~ - A.T. elaboración das bases do plan de recuperación do *Emys Orbicularis* en Galicia
- ~ - A.T. elaboración e implantación de medidas de control do visón americano
- ~ - Plan de recuperación do caranguexo de río
- ~ - Plan de recuperación da *Margaritifera margaritifera*
- ~ - Plan de conservación do *Galemys pyrenaicus*
- ~ - Estudio da situación da población dos ríos salmoneiros da península ibérica
- ~ - Estudio da ecoloxía espacial do sapoconcho
- ~ - Servicio para a coordinación nn ano 2010 do programa de seguimento de anfibios reptiles en Galicia (Sarga)
- ~ - Seguimento do estado das poboacións de troita común e evolución da situación poboacional da especie nos cinco cotos de recente creación en Lugo



- ~ - Estudo das poboacións de Lamprea marina nos ríos de Galicia 2010
- ~ - Servizo de asistencia e análise da calidade sanitaria da ictiofauna e ríos galegos de calidade sanitaria do salmón de repoboación
- ~ - A.T. elaboración das bases do plan de conservación do *Pelobates cultripes* en Galicia

OBSERVACIÓN N° 10

Síntese da Observación

O Plan Hidrolóxico deberá contar cun plan de Educación Ambiental, un plan de Voluntariado Ambiental en ríos, un plan de concienciación en canto a especies invasoras dirixido tanto ao público en xeral como a sectores clave como turismo, comercio, transporte, etc.

Resposta Motivada

O programa de medidas do Miño Sil recolle varias actuacións en materia de concienciación, a pesar diso a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil esta de acordo coas propostas realizada polo alegante, polo que se estudará a posibilidade de incluír estas actuacións dentro do programa de medidas segundo a dispoñibilidade presupostaria do organismo.

OBSERVACIÓN N° 11

Síntese da Observación

As propostas que se realizaron noutras observacións desta alegación como os diferentes plans que se propoñen de restauración, saneamento, educación ambiental, deslinde do dominio público hidráulico deben contar con partidas presupostarias concretas; en particular as de educación e voluntariado ambiental deben contar cun presupuesto moi superior cun epígrafe particular de "actuacións de educación ambiental e voluntariado".

Resposta Motivada

En relación ás observacións que se propoñen, como se explicou anteriormente, en moitas delas existen medidas concretas con presupostos xa definidos no programa de medidas. En canto á proposta de actuacións de educación ambiental e voluntariado, no programa de medida existe unha subtipoloxía dentro das medidas administrativas con nome "Concienciación e educación" como tamén se expuxo anteriormente, terase en conta as medi-das propostas nesta materia para a súa posible incorporación no programa de medidas en función da dispoñibilidade presupostaria do organismo.



Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritibidos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborarase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúðao atentamente,



Francisco F. Fernández Liñares
Presidente

